



AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2023/24

A dirección do C.R.A. A Tarandeira, infórmaos das axudas para adquirir Libros de Texto e material escolar para o vindeiro curso 2023-24.

As familias poderán entregar a solicitude que se achega e a documentación ben na sede do CRA, ou ben por sede electrónica até o 21 de xuño. O SOLICITANTE será o pai/nai ou titor/a legal.

Lembrarlles que **só poderán pedir estas axudas** os alumnos que **no vindeiro curso** estean matriculados en **1º ou 2º de Primaria**.

Os alumnos que no actual curso académico están matriculados en 2º de Primaria ou aqueles que marchen para outros centro educativos, teñen que facer a xestión xa nestes novos centros de destino. Para os **alumnos/as que cursen 3º, as axudas serán para adquisición de material escolar** e tamén poderán acceder ao **Fondo Solidario de libros de texto (préstamo de libros)**.

RESUMO DOS FONDOS E AXUDAS

	Renda per cápita familiar				Calquera renda per cápita					
	≤ 6.000€		> 6.000 e ≤ 10.000€		En garda ou tutela da Xunta		Discapacidade ≥ 65%		Educación especial	
	Libros de texto		Material		Libros de texto	Material	Libros de texto	Material	Libros	Material
1º e 2º EP	240€	160€			240€		300€			
3º, 4º, 5º e 6º EP ou ESO	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	Fondo: 4 libros ⁽¹⁾	75€	60€	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	75€	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾ ou: 300 € ⁽²⁾	75 €	300 €	75 €
Alumnado con NEAE – EP ⁽³⁾	240€	160€			240€					
Alumnado con NEAE – ESO ⁽³⁾	270€	180€			270€					

RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR

Para poder coñecer a axuda que cada familia ten dereito, débese calcular a Renda per cápita, é dicir, a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2021 dividido entre o número de membros computables.

- Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas.

- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2021, sumaranse a base imponible xeral (recadro **435**) e a base imponible do aforro (recadro **460**); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados, no certificado de imputacións de renda, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

- As persoas que non residiran en España no ano 2021 deberán acreditar os seus ingresos no país de orixe mediante nóminas, xustificantes de pensión, xustificantes de rendementos bancarios ou calquera outro documento acreditativo. No caso de carecer desta documentación ou se non obtiveran ingresos deberán presentar unha declaración responsable dos ingresos da unidade familiar.

- Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

Membros computables da unidade familiar:



- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable: a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida. b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2021, agás no relativo á violencia de xénero que se aplicará o disposto na lexislación específica.

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA A ENTREGAR

- **Anexo I debidamente cuberto**
- **Documentación complementaria:**
 - a) **Anexo II:** para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar. **No caso de que a persoa solicitante e/ou os membros computables se opoñan a esta consulta**, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos:
 - DNI ou NIE
 - Declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, á falta deste, o certificado de imputacións de renda no exercicio 2021.
 - Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia
 - Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%).
 - b) Se o solicitante posúe DNI ou NIE:
 - Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
 - En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

Forma de presentación da documentación

Na convocatoria actual, igual que no curso anterior, os cidadáns poderán realizar a solicitude accedendo á aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>), e unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude, e posteriormente poderán optar polas seguintes formas de presentación:

• **Presentación no centro:** Neste caso imprimirán a solicitude (Anexo I) e o anexo II e presentaranos no centro (debidamente asinados), xunto coa documentación que se precise.

• **Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.**

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B>